

A C T A 3/2021
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 31 DE MARZO DE 2021 -

Na Casa do Concello, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 30/12/2020 E ORDINARIA DO 27/01/2021**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 206/21 Á 301/21)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS PÚBLICOS**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO**
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUAFIT GESTION S.L. CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 30/12/2020 POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO**
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INCREMENTO DOS ABUSOS BANCARIOS CONTRA AS PERSOAS CONSUMIDORAS E O DETERIORO DOS SERVIZOS FINANCEIROS EN GALIZA**
- 10.- MOCIÓNS**
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 30/12/2020 E ORDINARIA DO 27/01/2021.

Acta da sesión ordinaria do 30 de decembro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 206/21 Á 301/21).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 26 de febreiro ata o 25 de marzo de 2021, que comprenden os números 206 ao 301, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación dende a convocatoria.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamento orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 26 de marzo de 2021

O alcalde,”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía de 18 de marzo de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de marzo de 2021.

Sendo as vinte horas e seis minutos, incorpórase á sesión o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

O Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís municipais do concello de Teo (en adiante EIMs) foi publicado no BOP do 7 de decembro de 2015.

Este regulamento establece a organización da vida escolar das Escolas Infantís Municipais. Os cambios lexislativos e as realidades sociais fan que sexa necesario a adaptación periódica do contido dos regulamentos para adaptalos ao presente.

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), hai que ter en conta que o vixente Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo foi aprobado no ano 2015, sendo a última modificación do ano 2020, resultando polo tanto preciso de acordo co exposto a súa revisión e actualización, podéndose entender que a modificación do Regulamento que agora se propón regula aspectos parciais desta materia previamente regulada. A publicación da lei de impulso demográfico de Galicia, Lei 5/2021, do 2 de febreiro, impón a obrigatoriedade da vacinación para o acceso e permanencia nas escolas infantís de Galicia, e polo tanto foi o factor que nos obriga a abordar a modificación deste texto, aproveitando para introducir outros cambios que permitan mellorar a súa aplicación e adaptación a realidade de Teo no 2021.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, tratándose, como se desprende do seu contido, dunha norma organizativa dun servizo municipal.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora

das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo segundo se detalla a continuación, incorporándose como anexo I o texto refundido do Regulamento.

Modificacións:

1.- Artigo 4 b). Engadese o seguinte texto, destinado a evitar que as prazas de 0/1 se ocupen por familias non censadas na primeira parte do curso: “As prazas vacantes de 0-1 serán de acceso exclusivo para familias censadas ate a comisión de baremación de febreiro, na que de haber prazas vacantes se poderán adxudicar a nenos ou nenas de unidades familiares non censadas. Exceptúanse desta limitación os artigo 6, apartado b.3.”

2.- Artigo 4 e). Engádese a obriga de estar ao día no calendario de vacinación, incorporando no artigo 4 un apartado e) coas seguinte redacción: “e) Atoparse ao día no seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación”.

3.- Artigo 5, engádese o seguinte paragrafo que se tiña recollido nas instrución para a matrícula: “Poderase solicitar praza para un ou varios centros, tanto para casos de novo ingreso como de reserva de praza que formulen solicitude por medio do procedemento ordinario ou do extraordinario.

No caso de solicitude múltiple de centros deberá indicarse unha orde de preferencia.

Cando se trate dun expediente de reserva de praza, no que se solicita cambio de centro, o acceso a esta produciríase con preferencia sobre os casos de novo ingreso pero logo de comprobada que se pode dar continuidade a todas as persoas que renovan praza no mesmo centro”.

4.- Artigo 6 b) 3, na prelación de acceso a prazas de novo acceso incorporase a seguinte redacción, destinada a asegurar o recollido no convenio colectivo estatal dos centros de asistencia e educación infantil, en canto á reserva de prazas para fillos e fillas de traballadoras:

“Fillas/os de traballadoras/os das EIM de Teo que estean encadradas no convenio colectivo de centros de centros de asistencia e educación infantil, independentemente

do seu empadramento no Concello de Teo”.

5.- Artigo 12 b) engádese a necesidade de demostrar o seguimento do calendario de vacinación para a matrícula anual, engadíndose o seguinte texto: “Tamén será necesario achegar a xustificación documental do correcto seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación”.

6.- Artigo 12, bis. Incorpórase un artigo 12 bis que establece un calendario para as comisións de baremacións anuais, así como os prazos de incorporación aos centros :

“Artigo 12º. Bis. Acceso extraordinario

Para atender as solicitudes presentadas fóra de prazo realizaranse tres reunións extraordinarias da comisión de baremación: na segunda metade do mes de setembro, na primeira do mes de decembro e na segunda do mes de febreiro.

Como resultado destas comisións realizarase unha proposta de actualización das listaxes de adxudicación de prazas vacantes e agarda que será aprobada por resolución da alcaldía.

As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro, unha vez rematado o prazo de matrícula que se estableza na correspondente resolución.

Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda e formalicen matrícula no centro no prazo establecido nas normas de réxime interno”.

7.- Artigo 14, engadese a posibilidade de restrinxir o horario das escolas infantís en función da redución da demanda de tramos horarios vespertinos, engadíndose o seguinte texto: “En función da demanda de tramos horarios vespertinos, as escolas poderán adiantar o seu peche pola tarde. Este cambio de horario debера ser comunicado antes do inicio do período de matrícula e reserva de praza”.

8.- Artigo 19, engádenselle dous apartados a e b, para regular a estrutura do persoal das EIM. Concretamente situar o apoio administrativo e técnico do departamento de servizos sociais e a figura da coordinación intercentros, persoal non contemplado na anterior regulación:

“Artigo 19º. Persoal das escolas infantís municipais

- a. As EIM de Teo contan con persoal de apoio administrativo e técnico dos servizos sociais municipais.
- b. Coordinación. A figura da coordinadora ou coordinador, organiza a coordinación entre os tres centros, e entre estes e os servizos sociais municipais. Organiza ao persoal de atención e emite informes e propostas para a correcta xestión de todo o servizo de EIM de Teo”.

9.- Artigo 19. Neste mesmo artigo, no parágrafo final, actualizase a lexislación sobre os requisitos de titulación coa introdución do recollido na Lei Orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, e suprímese a necesidade de que o persoal estea adscrito ao convenio do sector, xa que as escolas infantís convive persoal con vinculación a convenios colectivos distintos, quedando o citada párrafo redactado conforme se recolle a continuación:

“En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, na lei Orgánica de educación 2/2006 do 3 de maio, ou e en calquera outra norma, cláusulas ou protocolo que sexa superior, ou que no futuro regule estes temas”.

10.- Como corrección xeral, en todos os artigos nos que existen prazos os días sinalados nos mesmos son naturais, xa que en algúns dos prazos esta natureza dos mesmos non estaba concretada.

Segundo - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

ANEXO I

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

- CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
- CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS
- CAPÍTULO III. FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS
- CAPÍTULO IV. RELACIÓNS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS NAIS E PAIS OU RESPONSABLES LEGAIS
- CAPÍTULO V. ESTRUTURA ORGÁNICA
- CAPÍTULO VI. A LINGUA
- CAPÍTULO VII. FOMENTO DA IGUALDADE E DIVERSIDADE ENTRE NENAS E NENOS
- CAPÍTULO VIII. DEREITOS E DEBERES
- CAPÍTULO IX. XESTIÓN DAS EIM
- Disposicións
- ANEXO I- BAREMO

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar a organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo (en adiante EIM), así como fixar o procedemento da adxudicación de prazas.

Artigo 2º. Definición

As EIM son equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de até tres anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral das/dos nenas/os, realizando unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia ao tempo que facilitan a conciliación coa vida laboral e persoal.

Artigo 3º. Obxectivos

Son obxectivos específicos das EIM, e que serán desenvolvidos nos proxectos educativos dos centros

- a. Promover e fomentar o desenvolvemento integral das/dos nenas/os e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.
- b. Facilitar a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral.
- c. Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- d. Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- e. Respetar a singularidade e a diversidade de cada nena/o contribuíndo a formar actitudes tolerantes.
- f. Posibilitar a integración progresiva das/dos nenas/os na cultura do seu medio.
- g. Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.
- h. Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.
- i. Facilitar a integración das/dos menores con necesidades educativas especiais, sempre e cando as EIM contén cos recursos materiais e humanos necesarios.
- j. Constituír un recurso útil para o apoio aos programas de benestar social do concello, en especial aqueles que tratan de paliar déficits económicos, culturais e sociais.
- k. Fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.
- l. Acadar o desenvolvemento das capacidades das/dos nenas/os nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurarán a introdución da terceira lingua.

Artigo 4º. Requisitos das e dos usuarias e usuarios

As EIM prestarán atención e coidado continuado ás/aos menores de entre tres meses e tres anos de idade tendo en conta o seguinte:

- a. Que a crianza para a que se solicita praza teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso e non teña cumpridos os tres anos o 31 de decembro do ano no que se solicita praza.

- b. Que a unidade de convivencia da solicitante (a formada por pais/nais ou responsables legais e fillas/os) se atopen empadroa no concello de Teo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

De existir prazas vacantes poderán ofertarse ás unidades familiares que sen estar empadroadas teñan neste municipio o seu lugar de traballo ou aleguen outras circunstancias de arraigo que fagan procedente a concesión da praza. A comisión de baremación será o órgano encargado de valorar a súa concorrencia, para o cal deberase achegar por escrito as razóns da vinculación a Teo da unidade familiar do neno ou nena. As prazas vacantes de 0-1 serán de acceso exclusivo para familias censadas ate a comisión de baremación de febreiro, na que de haber prazas vacantes se poderán adxudicar a nenos ou nenas de unidades familiares non censadas. Exceptúanse desta limitación os artigo 6, apartado b.3.

- c. Atoparse ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
- d. As nenas e nenos con discapacidade que precisen de apoio específico para a súa integración deberán contar co informe do equipo de valoración e orientación da delegación provincial do departamento da Xunta de Galicia con competencias nesta área ou no seu caso servizos especializados de atención temperá que indiquen a necesidade de apoio específico para a súa integración. Non poderá haber máis dunha praza destas características por aula e para os efectos de ratio contabilizaranse como dúas.
- e. Atoparse ao día no seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Artigo 5º. Curso académico.

O curso académico das EIM comeza o primeiro día lectivo do mes de setembro e remata o último día lectivo do mes de agosto. A adxudicación das prazas no procedemento ordinario será por este período. No extraordinario comezara no momento da adxudicación da praza e rematará o último día lectivo do mes de agosto.

Poderase solicitar praza para un ou varios centros, tanto para casos de novo ingreso como de reserva de praza que formulen solicitude por medio do procedemento ordinario ou do extraordinario.

No caso de solicitude múltiple de centros deberá indicarse unha orde de preferencia.

Cando se trate dun expediente de reserva de praza, no que se solicita cambio de centro, o acceso a esta produciríase con preferencia sobre os casos de novo ingreso pero logo de comprobada que se pode dar continuidade a todas as persoas que renovan praza no mesmo centro.

Artigo 6º Procedemento ordinario.

Segundo se trate dunha crianza que xa foi usuaria do mesmo centro no curso anterior ou non, aplicarase unha das seguintes modalidades, priorizando en todo caso a continuidade na prestación de servizos.

a. Reserva de praza:

Proporciona continuidade ás prazas adxudicadas no ano anterior sempre que se manteñan os requisitos recollidos no artigo 4º. Aquelas/es que formulen esta reserva nun horario distinto ao que se lle viña prestando optarán a este cambio só no caso de existir vacante, logo destas consideraranse as solicitudes doutras/os nenas/os que viñan sendo usuarias/os doutra EIM, en ambos casos con preferencia sobre os novos ingresos.

Para ter dereito a reserva de praza o neno ou nena en cuestión debe seguir matriculado ate o último día de curso. De producirse unha baixa anticipada perderase o dereito a reserva da praza.

b. Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

1. Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.
2. Nenas e nenos que teñan necesidades educativas especiais que dean lugar a necesidade de ocupar dúas prazas.

3. Fillas/os de traballadoras/os das EIM de Teo que estean encadradas no convenio colectivo de centros de centros de asistencia e educación infantil, independentemente do seu empadramento no Concello de Teo.
4. Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.
5. As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.
6. As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento. Estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza. Neste caso, deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario.

Artigo 7º. Procedemento extraordinario

Seguirán este procedemento aqueles casos que non cumprindo os prazos formulados con carácter xeral requiran dunha resposta inmediata por parte das EIM, que deberá ser así apreciada pola comisión de baremación.

a. Ingresos urxentes:

Reservarase para esta modalidade unha praza en cada un dos niveis en cada centro, independentemente do número de unidades que teña cada un dos niveis. Seguirán este procedemento aqueles casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos de diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice.

As/os beneficiarias/os destas prazas deberán na seguinte convocatoria realizar unha solicitude de novo ingreso seguindo o procedemento ordinario.

b. Solicitudes fóra de prazo:

Con carácter excepcional poderán presentarse solicitudes fóra dos prazos fixados no artigo 8 deste regulamento. Estas solicitudes serán examinadas pola comisión de baremación e, de non ser posible adxudicarlle a praza por non haber ningunha dispoñible, pasarán a formar parte da lista de espera no posto que lle corresponde segundo os criterios de priorización e a puntuación obtida. Esta nova lista de espera será proclamada pola Alcaldía.

c. No caso de que un neno ou nena con praza de maña nunha escola infantil teña necesidade de ocupar unha praza de tarde, temporalmente ou definitivamente, de haber prazas vacantes seralle adxudicada mediante informe asinado por un técnico/a de servizos sociais e a presidencia da comisión de baremación. A esta daráselle conta deste cambio na seguinte reunión.

Artigo 8º. Lugar e prazo de solicitude da preinscrición

a. As solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso efectuaranse nos modelos normalizados que serán facilitados nas EIM así como no concello. A información destes modelos será recollida nas Normas de Réxime Interno. A presentación realizarase no rexistro xeral do concello.

b. Os prazos de presentación de solicitude serán os que seguen:

b.1. Reserva de praza: do 1 ao 15 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

b.2. Novo ingreso: do día 16 ao 31 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

c. Xunto coa solicitude achegarase a documentación orixinal ou copia de:

c.1. Para a reserva de praza, non será preciso achegar documentación complementaria coa solicitude, excepto que se produzan cambios sociofamiliares que deban terse en conta.

c.2. A documentación necesaria para solicitar a praza de crianzas de novo ingreso, será regulada nas Normas de Réxime Interno, e incluíra documentos identificativos, (dni, libro de familia) documentos que xustifiquen as distintas

situacións alegadas a nivel de emprego, saúde ou situacións persoais contempladas como valorables para o acceso, e documentación relativa a situación económica.

Artigo 9º. Emenda de documentación

Se a solicitude presentada non reunira tódolos requisitos determinados requirirase á/ao interesada/o para que emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo de 10 días naturais dende a notificación, con indicación de que se non o fixese, teráselle por desistida/o do seu pedimento.

Artigo 10º. Reunión da comisión de baremación e publicación da lista provisional de admitidas e admitidos

- a. A selección de solicitudes efectuarase en función da quenda á que corresponde o ingreso. A puntuación obtida da aplicación do baremo establecido no Anexo I e os criterios de priorización do artigo 6. Se logo disto persistise o empate entre varias solicitudes darase preferencia á renda per cápita máis baixa e no seu caso a aquelas que se refiran a xornada completa (continuada ou partida) sobre as de media xornada, e as que inclúan o servizo de comedor.
- b. A Comisión de Baremación avaliará todas as solicitudes e garantirá o cumprimento do procedemento de ingreso
- c. Esta comisión elevará a proposta vinculante de admitidas/os e excluídas/os á/ao alcaldesa/alcalde que resolverá e ordenará a publicación da listaxe provisional na que figure a puntuación obtida por cada unha das solicitudes.

Artigo 11º. Reclamacións

As/os solicitantes que o desexen poderán presentar as reclamacións, debidamente documentadas, que consideran oportunas no prazo de 10 días naturais contados a partir da data de publicación da relación provisional.

Artigo 12º. Relación definitiva de admitidas e admitidos, listaxe de espera e matriculación

- a. Unha vez estudadas tódalas reclamacións presentadas e resoltas pola comisión de baremación, elevarase á alcaldía unha proposta coas listas de admitidas/os e de espera, nas que figuraran as puntuacións obtidas. Unha vez aprobada a proposta pola/o alcaldesa/alcalde faranse públicas as listaxes definitivas.
- b. As/os solicitantes admitidas/os deberán matricularse entre o día 1 e 15 de xuño para confirmara praza, presentando no rexistro xeral do concello o impreso de matriculación, que se poderá recoller no concello ou nas EIM. Xunto con este impreso deberán presentar a declaración do IRPF dos proxenitores ou da unidade familiar do ano inmediatamente anterior, ou o xustificante de non ter obriga de presentala. No caso de non ter esta documentación no momento da matrícula deberán presentala no rexistro antes do segundo día laborable do mes de xullo. Tamén será necesario achegar a xustificación documental do correcto seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

A documentación complementaria orixinal ou copia, que se detalla nas Normas de Réxime Interno, entregárase no Escola Infantil nos primeiros días do curso e pasará a formar parte do expediente que das/dos nenas/os debe existir no centro.

A non presentación desta documentación no prazo sinalado, agás por causa de forza maior, entenderase como renuncia á praza, dando opción á matriculación daquelas persoas que quedaran na lista de espera.

- c. As baixas que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes da lista de agarda.
- d. As/os solicitantes da listaxe de espera que se inscribisen como candidatas/os ao Bono Concilia da Xunta de Galicia serán excluídas/os desta ao adxudicárselles as prazas participadas por este programa, no caso de ser aceptadas.

Artigo 12º. Bis. Acceso extraordinario

Para atender as solicitudes presentadas fóra de prazo realizaranse tres reunións extraordinarias da comisión de baremación: na segunda metade do mes de setembro, na primeira do mes de decembro e na segunda do mes de febreiro.

Como resultado destas comisións realizarase unha proposta de actualización das listaxes de adxudicación de prazas vacantes e agarda que será aprobada por resolución da alcaldía.

As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro, unha vez rematado o prazo de matrícula que se estableza na correspondente resolución.

Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda e formalicen matrícula no centro no prazo establecido nas normas de réxime interno.

Artigo 13º. Baixas

Todos os nenos e as nenas deixan de ser alumnos e alumnas das EIM a día 31 de agosto de cada ano.

Estas baixas non necesitan nin acordo nin resolución expresa por ser unha causa implícita á propia concesión da praza.

Son causa de baixa nas EIM calquera das que se expoñen de seguido:

- a. Solicitudade das/os nais/pais ou responsables legais, previo aviso con 15 días de antelación.
- b. Falta de pagamento da contía establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda.
- c. Comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados
- d. Incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro
- e. Falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada ou non incorporarse nos quince primeiros días naturais do curso
- f. Incumprimento reiterado das normas da EIM

As baixas polos motivos establecidos nas alíneas d) e f) faranse previa proposta da comisión de baremación, sendo esta mesma informada das que se produzan por outras causas na seguinte reunión desta comisión.

Artigo 14º. Organización interna.

A organización interna das EIM de Teo, estará regulada nas normas de réxime interno.

En xeral, as escolas infantís estarán abertas entre as 7.30 horas e as 20.30 horas de luns a venres, salvo os días festivos e non laborais, e durante os 12 meses do ano. En función da demanda de tramos horarios vespertinos, as escolas poderán adiantar o seu peche pola tarde. Este cambio de horario debera ser comunicado antes do inicio do período de matrícula e reserva de praza.

Poderán pecharse escolas, con preferencia no mes de agosto, por reparacións e para obras de mellora.

No caso de inexistencia de matrícula para un tramo horario en algunha das escolas, poderase acordar a redución do horario de atención para adaptalo á demanda real do centro. Este cambio será comunicado ao Consello Escolar, e manterase mentres se manteñan as circunstancias que o provocaron.

CAPÍTULO III. FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIM contan con tres fontes de financiamento:

- a. Fondos propios do concello ou achegas directas do concello.
- b. Achegas procedentes de subvencións e/ou convenios co departamento da Xunta de Galicia competente nesta materia ou outras administracións supramunicipais.
- c. Prezos Públicos: Os prezos públicos que se terán que pagar serán as establecidos na vixente ordenanza reguladora do prezo públicos pola utilización do servizo de escolas infantís municipais de Teo.

CAPÍTULO IV. RELACIÓNS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS NAIS E PAIS OU RESPONSABLES LEGAIS

Artigo 16º. Participación de nais e pais ou das e dos responsables legais

- a. A relación coas/cos nais/pais ou responsables legais, que deberá ser fomentada pola dirección da EIM, ten como principais obxectivos:
 - a.1. O intercambio de información sobre os criterios educativos asumidos no Proxecto Educativo, organización das EIMs, e da normativa e regulamentación que rexe na prestación deste servizo.

- a.2. A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento das/os nenas/os.
- a.3. Compartir pareceres sobre incidentes, ilusións, actividades, etc.
- b. En caso de que o soliciten a dirección poñerá en coñecemento das/dos proxenitoras/es ou responsables legais de cada nena/o a información sobre a súa evolución integral.
- c. As/os nais/pais ou responsables legais poderán solicitar reunións coa/co titora/titor da/do súa/seu filla/o ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulten a boa marcha da EIM. A dirección do centro informará por escrito dos horarios de atención ao principio do curso.

Artigo 17º. Reunións

Co fin de garantir a necesaria cooperación entre o centro e as familias realizaranse reunións xerais, de escola e de aula, segundo a natureza dos temas que se vaian tratar. Estas serán convocadas por escrito, con indicación do lugar, data, hora e temas a tratar. A súa periodicidade será a seguinte:

- a. Unha reunión de Escola, coincidindo co inicio do curso.
- b. Calquera outra de Escola ou Xeral que se considerase necesaria, podendo solicitala as ANPA, un grupo importante de pais e nais, a dirección ou o persoal da Escola, ou o concello de Teo.
- c. Reunións de aula, unha anual e as que se consideren necesarias polo equipo docente ou polos pais e nais.

Artigo 18º. O libro de reclamacións

Cada unha das EIM terá un libro de reclamacións a disposición das/os usuarias/os. A dirección do centro poñerá en coñecemento da/o concelleira/o responsable desta materia o contido das reclamacións de xeito periódico, agás nos casos nos que se requira unha comunicación inmediata.

CAPÍTULO V. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Artigo 19º. Persoal das escolas infantís municipais

- a. As EIM de Teo contan con persoal de apoio administrativo e técnico dos servizos sociais municipais.
- b. Coordinación. A figura da coordinadora ou coordinador, organiza a coordinación entre os tres centros, e entre estes e os servizos sociais municipais. Organiza ao persoal de atención e emite informes e propostas para a correcta xestión de todo o servizo de EIM de Teo.
- c. Persoal dos centros**
 1. Dirección de centro
 2. Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo.
 3. Persoal de servizos.

En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, na lei Orgánica de educación 2/2006 do 3 de maio, ou e en calquera outra norma, cláusulas ou protocolo que sexa superior, ou que no futuro regule estes temas.

Artigo 20º. Órganos colexiados das escolas infantís municipais

Existirán catro órganos colexiados con funcións e composición diferenciadas, únicos para o conxunto das tres EIM.

a) Comisión de Baremación

Competencias:

1. Velar polo cumprimento do proceso de ingreso e de admisión.
2. Examinar e adxudicar a puntuación ás solicitudes de praza.
3. Propor á/ao alcaldesa/alcalde as listas de persoas admitidas, espera e excluídas en cada EIM.
4. Apreciar a existencia de circunstancias que xustifiquen a admisión de solicitudes de ingreso fóra de prazo.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o titular da área da que dependan as EIM ou concelleira/o en quen delegue

2. Vogais:

A/o directora/director pedagógica/o de cada unha das EIM.

Unha/un representante elixida/o polas/os nais/pais en cada EIM

Unha/un representante da corporación municipal.

Unha/un traballadora/traballador municipal da área da que dependan as EIMs.

Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAs legalmente recoñecidas

Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións serán convocadas pola presidencia e terán carácter trimestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

b) Comisión Educativa de centro

Competencias:

1. Colaborar na elaboración do proxecto educativo das escolas e a programación anual de actividades

2. Facer o seguimento da programación e do proceso educativo xeral e individual

3. Elaborar a programación curricular e supervisar a súa adaptación ao proxecto educativo de centro.

Composición:

Persoal educativo e de apoio de cada centro.

Funcionamento:

Este órgano reunirse obrigatoriamente ao comezo e o final do curso convocadas pola presidencia, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario.

c) Comisión educativa Permanente:

Competencias:

1. Elaborar o proxecto educativo do centro e a programación anual de actividades, e coordinar os traballos das tres escolas para este documento.
2. Facer o seguimento da programación do conxunto das escolas e do proceso educativo xeral, apoiar os procesos individuais especialmente complexos.
3. Abordar a programación de actividades intercentros e coordinación educativa entre os eles.

Composición:

1. Presidencia:

Un/unha directora/director dunha das Escolas. A Presidencia desta comisión será nomeada polo Concelleiro/a da área para cada ano, debendo de ser rotatorio entre todas as persoas que ocupen este posto de traballo.

2. Vogais:

- As outros/as Directores/as.

- Unha/un técnica municipal, nomeada polo concelleiro/a da área

Funcionamento:

Este órgano terá un funcionamento constante, e as reunións serán convocadas pola presidenta a iniciativa de calquera dos seus membros.

d) Consello Escolar das EIMs

Competencias:

Este órgano asumirá a coordinación xeral das EIMs, marcará as directrices e adoptará os acordos que proceden en cumprimento das súas competencia que serán as que seguen:

1. Aprobar o proxecto educativo das EIMs e a memoria anual de actividades.
2. Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para mellorar as instalacións, dotacións e o funcionamento do centro.
3. Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecidos pola administración competente.
4. Estudar e resolver os conflitos de réxime interno.
5. Aprobar o as Normas de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais de Teo.
6. Garantir a aplicación do presente regulamento.

7. Ser escoitado, podendo emitir informe, sobre a necesidade de cambios, ou a concreta proposta dos mesmos, neste regulamento.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o da área da que dependan as EIMs ou unha/un concelleira/o en quen delegue

2. Vogais:

- As/os directoras/directores de cada unha das EIMs
- Unha/un representante do persoal educativo de cada unha das escolas.
- Unha/un representante do persoal de servizos de todas as EIMs.
- Unha/un representante dos pais e nais de cada unha das EIMs.
- Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAS da EIM
- Unha/un concelleira/o en representación da corporación

3. Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións do consello, convocadas pola presidencia e terán carácter semestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

CAPÍTULO VI. A LINGUA

Artigo 22º. O emprego de linguas

A lingua vehicular das EIM de teo é o galego. En concordancia co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, coa finalidade de promover o uso da lingua galega nas escolas infantís municipais establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua galega en cada centro educativo no marco do proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa. Na medida do posible introducirase unha terceira lingua.

CAPÍTULO VII. FOMENTO DA IGUALDADE E DIVERSIDADE ENTRE NENAS E NENOS

Artigo 23º. Educación na igualdade

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenza relativas a todos os ámbitos, as EIMs participarán activamente no establecemento dos alicerces sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas. Esta participación abranguerá os seguintes aspectos:

- a) Programación de actividades para promover a igualdade entre as/os nenas/os e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. Estas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.
- b) As EIMs poñerán especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumento de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.
- c) Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuizos e racismo.

Neste senso os centros colaborarán nos programas e actividades que o concello desenvolvan para promocionar a igualdade e o respecto á diversidade cultural.

Artigo 24. Diversidade

Teranse en conta a diversidade de familias, de crenzas e de circunstancias persoais que existen na nosa sociedade, procurando realizar actividades inclusivas e potenciadoras do carácter positivo da diferenza.

CAPÍTULO VIII. DEREITOS E DEBERES

Artigo 24: Dereitos e Deberes das persoas usuarias

Os dereitos e deberes das persoas usuarias son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

Artigo 25. Dereitos e Deberes do persoal do centro

Os dereitos e deberes do persoal do centro son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

CAPÍTULO IX. XESTIÓN DAS EIM

Artigo 26. Xestión mediante empresa privada

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.
2. Dará as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.

Artigo 27. Xestión municipal directa

1. No caso de xestión municipal directa, esta correspóndelle á concellería que teña adscrita a competencia das mesmas. A xestión implica o control orzamentario, compras, emisión de recibos mensuais polos servizos prestados e a xestión de persoal, e todas aquelas funcións necesarias para o seu normal funcionamento.
2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.
3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.

Disposicións

Disposición adicional

Primeira.- Os modelos de solicitudes para a preinscrición e para a matrícula serán aprobadas como anexos da Normas de Réxime Interno, polo Consello Escolar das EIM, e o seu contido será congruente coa regulación xurídica destes recursos.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Correspóndelle á/ao concelleira/o responsable da área da que dependan as EIM, dirixira coordinación do concello coas EIM, podendo esta/e nomear á/ao técnica/o municipal que estime competente para desenvolver as actuacións precisas que a fagan efectiva.

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor una vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

Disposicións derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións municipais que contradigan o previsto no presente regulamento, e de xeito específico quedan derogados na súa totalidade o Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo publicado no BOP nº 252 de 31/10/2008).

ANEXO I- BAREMO

a. Situación sociofamiliar:

Por cada membro da unidade familiar menor de 18 anos, incluído a/o solicitante	2 puntos
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, están a cargo dela (1)	1 punto
No caso de que a/o nena/o nacesse dun parto múltiple	1 punto
Por cada membro da unidade familiar, incluída/o a/o solicitante, con discapacidade recoñecida, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
Pola condición de familia monoparental (2)	3 puntos
Por ausencia do fogar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Calquera outra circunstancia familiar grave debidamente acreditada	Ata 3 puntos

1. Persoas tuteladas ou con unha dependencia económica total da unidade familiar que non se correspondan coas consideradas como membros desta (pais/nais /responsables legais e fillos/fillas)
2. Segundo o recollido no artigo 13 da Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

b. Situación laboral familiar

Ocupación laboral 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Ocupación laboral 2º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

c. Situación económica segundo a renda per cápita mensual

RPC respecto o IPREM*	Puntuación
Inferior ao 25%	+ 4
Entre o 25% e o 50%	+ 3
Superior ao 50% e inferior ao 75%	+ 2
Entre o 75% e o 100%	+ 1
Superior ao 100% e inferior ao 125%	- 1
Entre o 125% e o 150%	- 2
Superior ao 150% e inferior ao 200%	- 3
Igual ou superior ao 200%	- 4

“.

O sr. Iglesias explica que foi detectado un erro no artigo 12 bis, polo que será preciso facer unha emenda. Explica que no parágrafo terceiro do artigo citado sinala que *“As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro, unha vez rematado o prazo de matrícula que se estableza na correspondente resolución”*, resultando que o texto que vai dende *“..unha vez...”* ata o final do parágrafo non ten sentido, polo que habería que eliminalo, e debería incorporarse o seguinte *“dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución”*.

Sinala que o parágrafo cuarto do artigo 12 bis sinala que “*Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda e formalicen matrícula no centro no prazo establecido nas normas de réxime interno*”, debéndose eliminar dende “*....e formalicen....*” ata o final do parágrafo.

De acordo coas emendas propostas, o artigo 12 bis quedaría redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 12º. Bis. Acceso extraordinario

Para atender as solicitudes fóra de prazo realizaranse tres reunións extraordinarias da comisión de baremación: na segunda metade do mes de setembro, na primeira do mes de decembro e na segunda do mes de febreiro.

Como resultado destas comisións realizarase unha proposta de actualización das listaxes de adxudicación de prazas vacantes e agarda que será aprobada por resolución da alcaldía.

As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución.

Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda.”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

O sr. alcalde explica que se vai a proceder en primeiro lugar a someter a votación a emenda plantexada polo sr. Iglesias, que afecta ao artigo 12 bis do Regulamento, e que se concreta en :

1.- No parágrafo terceiro do artigo citado elimínase o texto que vai dende “*..unha vez...*” ata o final do parágrafo, e incorporarse o seguinte “*dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución*”.

2.- No parágrafo cuarto elimínase o texto que vai dende “....e formalicen....” ata o final do parágrafo.

Explica o sr. alcalde que se vai a proceder a someter a votación a emenda formulada polo sr. Iglesias.

Sometida a votación a emenda, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor – 17 (7 PP, 4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG)

Votos en contra – 0

Abstencións – 0

De acordo co resultado da votación, o sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación, o ditame, emendado, da Comisión informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego do 25 de marzo de 2021.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo segundo se detalla a continuación, incorporándose como anexo I o texto refundido do Regulamento.

Modificacións:

1.- Artigo 4 b). Engadese o seguinte texto, destinado a evitar que as prazas de 0/1 se ocupen por familias non censadas na primeira parte do curso: “As prazas vacantes de 0-1 serán de acceso exclusivo para familias censadas ate a comisión de baremación de febreiro, na que de haber prazas vacantes se poderán adxudicar a nenos ou nenas de unidades familiares non censadas. Exceptúanse desta limitación os artigo 6, apartado b.3.”

2.- Artigo 4 e). Engádese a obriga de estar ao día no calendario de vacinación, incorporando no artigo 4 un apartado e) coas seguinte redacción: “e) Atoparse ao día no

seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación”.

3.- Artigo 5, engádesse o seguinte paragrafo que se tiña recollido nas instrución para a matrícula: “Poderase solicitar praza para un ou varios centros, tanto para casos de novo ingreso como de reserva de praza que formulen solicitude por medio do procedemento ordinario ou do extraordinario.

No caso de solicitude múltiple de centros deberá indicarse unha orde de preferencia.

Cando se trate dun expediente de reserva de praza, no que se solicita cambio de centro, o acceso a esta produciríase con preferencia sobre os casos de novo ingreso pero logo de comprobada que se pode dar continuidade a todas as persoas que renovan praza no mesmo centro”.

4.- Artigo 6 b) 3, na prelación de acceso a prazas de novo acceso incorporase a seguinte redacción, destinada a asegurar o recollido no convenio colectivo estatal dos centros de asistencia e educación infantil, en canto á reserva de prazas para fillos e fillas de traballadoras:

“Fillas/os de traballadoras/os das EIM de Teo que estean encadradas no convenio colectivo de centros de centros de asistencia e educación infantil, independentemente do seu empadramento no Concello de Teo”.

5.- Artigo 12 b) engádesse a necesidade de demostrar o seguimento do calendario de vacinación para a matrícula anual, engadíndose o seguinte texto: “Tamén será necesario achegar a xustificación documental do correcto seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación”.

6.- Artigo 12, bis. Incorpórase un artigo 12 bis que establece un calendario para as comisións de baremacións anuais, así como os prazos de incorporación aos centros :

“Artigo 12º. Bis. Acceso extraordinario

Para atender as solicitudes fóra de prazo realizaranse tres reunións extraordinarias da comisión de baremación: na segunda metade do mes de setembro, na primeira do mes de decembro e na segunda do mes de febreiro.

Como resultado destas comisións realizarase unha proposta de actualización das listaxes de adxudicación de prazas vacantes e agarda que será aprobada por resolución da alcaldía.

As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución.

Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda.”

7.- Artigo 14, engadese a posibilidade de restrinxir o horario das escolas infantís en función da redución da demanda de tramos horarios vespertinos, engadíndose o seguinte texto: “En función da demanda de tramos horarios vespertinos, as escolas poderán adiantar o seu peche pola tarde. Este cambio de horario debera ser comunicado antes do inicio do período de matrícula e reserva de praza”.

8.- Artigo 19, engádenselle dous apartados a e b, para regular a estrutura do persoal das EIM. Concretamente situar o apoio administrativo e técnico do departamento de servizos sociais e a figura da coordinación intercentros, persoal non contemplado na anterior regulación:

“Artigo 19º. Persoal das escolas infantís municipais

- c. As EIM de Teo contan con persoal de apoio administrativo e técnico dos servizos sociais municipais.
- d. Coordinación. A figura da coordinadora ou coordinador, organiza a coordinación entre os tres centros, e entre estes e os servizos sociais municipais. Organiza ao persoal de atención e emite informes e propostas para a correcta xestión de todo o servizo de EIM de Teo”.

9.- Artigo 19. Neste mesmo artigo, no parágrafo final, actualízase a lexislación sobre os requisitos de titulación coa introdución do recollido na Lei Orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, e suprímese a necesidade de que o persoal estea adscrito ao convenio do sector, xa que as escolas infantís convive persoal con vinculación a convenios colectivos distintos, quedando o citada párrafo redactado conforme se recolle a continuación:

“En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, na lei Orgánica de educación 2/2006 do 3 de maio, ou e en calquera outra norma, cláusulas ou protocolo que sexa superior, ou que no futuro regule estes temas”.

10.- Como corrección xeral, en todos os artigos nos que existen prazos os días sinalados nos mesmos son naturais, xa que en algúns dos prazos esta natureza dos mesmos non estaba concretada.

Segundo - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

ANEXO I

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

- CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
- CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS
- CAPÍTULO III. FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS
- CAPÍTULO IV. RELACIÓNS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS NAIS E PAIS OU RESPONSABLES LEGAIS
- CAPÍTULO V. ESTRUTURA ORGÁNICA
- CAPÍTULO VI. A LINGUA
- CAPÍTULO VII. FOMENTO DA IGUALDADE E DIVERSIDADE ENTRE NENAS E NENOS
- CAPÍTULO VIII. DEREITOS E DEBERES
- CAPÍTULO IX. XESTIÓN DAS EIM
- Disposicións

- ANEXO I- BAREMO

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar a organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo (en adiante EIM), así como fixar o procedemento da adxudicación de prazas.

Artigo 2º. Definición

As EIM son equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de até tres anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral das/dos nenas/os, realizando unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia ao tempo que facilitan a conciliación coa vida laboral e persoal.

Artigo 3º. Obxectivos

Son obxectivos específicos das EIM, e que serán desenvolvidos nos proxectos educativos dos centros

- a. Promover e fomentar o desenvolvemento integral das/dos nenas/os e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.
- b. Facilitar a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral.
- c. Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- d. Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- e. Respetar a singularidade e a diversidade de cada nena/o contribuíndo a formar actitudes tolerantes.
- f. Posibilitar a integración progresiva das/dos nenas/os na cultura do seu medio.
- g. Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.
- h. Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.

- i. Facilitar a integración das/dos menores con necesidades educativas especiais, sempre e cando as EIM contén cos recursos materiais e humanos necesarios.
- j. Constituír un recurso útil para o apoio aos programas de benestar social do concello, en especial aqueles que tratan de paliar déficits económicos, culturais e sociais.
- k. Fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.
- l. Acadar o desenvolvemento das capacidades das/dos nenas/os nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurarán a introdución da terceira lingua.

Artigo 4º. Requisitos das e dos usuarias e usuarios

As EIM prestarán atención e coidado continuado ás/aos menores de entre tres meses e tres anos de idade tendo en conta o seguinte:

- a. Que a crianza para a que se solicita praza teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso e non teña cumpridos os tres anos o 31 de decembro do ano no que se solicita praza.
- b. Que a unidade de convivencia da solicitante (a formada por pais/nais ou responsables legais e fillas/os) se atopen empadroada no concello de Teo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
De existir prazas vacantes poderán ofertarse ás unidades familiares que sen estar empadroadas teñan neste municipio o seu lugar de traballo ou aleguen outras circunstancias de arraigo que fagan procedente a concesión da praza. A comisión de baremación será o órgano encargado de valorar a súa concorrencia, para o cal deberase achegar por escrito as razóns da vinculación a Teo da unidade familiar do neno ou nena. As prazas vacantes de 0-1 serán de acceso exclusivo para familias censadas ate a comisión de baremación de febreiro, na que de haber prazas vacantes se poderán adxudicar a nenos ou nenas de unidades familiares non censadas. Exceptúanse desta limitación os artigo 6, apartado b.3.
- c. Atoparse ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
- d. As nenas e nenos con discapacidade que precisen de apoio específico para a súa integración deberán contar co informe do equipo de valoración e orientación da

delegación provincial do departamento da Xunta de Galicia con competencias nesta área ou no seu caso servizos especializados de atención temperá que indiquen a necesidade de apoio específico para a súa integración. Non poderá haber máis dunha praza destas características por aula e para os efectos de ratio contabilizaranse como dúas.

- e. Atoparse ao día no seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Artigo 5º. Curso académico.

O curso académico das EIM comeza o primeiro día lectivo do mes de setembro e remata o último día lectivo do mes de agosto. A adxudicación das prazas no procedemento ordinario será por este período. No extraordinario comezara no momento da adxudicación da praza e rematara o último día lectivo do mes de agosto.

Poderase solicitar praza para un ou varios centros, tanto para casos de novo ingreso como de reserva de praza que formulen solicitude por medio do procedemento ordinario ou do extraordinario.

No caso de solicitude múltiple de centros deberá indicarse unha orde de preferencia.

Cando se trate dun expediente de reserva de praza, no que se solicita cambio de centro, o acceso a esta produciríase con preferencia sobre os casos de novo ingreso pero logo de comprobada que se pode dar continuidade a todas as persoas que renovan praza no mesmo centro.

Artigo 6º Procedemento ordinario.

Segundo se trate dunha crianza que xa foi usuaria do mesmo centro no curso anterior ou non, aplicarase unha das seguintes modalidades, priorizando en todo caso a continuidade na prestación de servizos.

- a. Reserva de praza:

Proporciona continuidade ás prazas adxudicadas no ano anterior sempre que se manteñan os requisitos recollidos no artigo 4º. Aquelas/es que formulen esta reserva nun horario distinto ao que se lle viña prestando optarán a este cambio só no caso

de existir vacante, logo destas consideraranse as solicitudes doutras/os nenas/os que viñan sendo usuarias/os doutra EIM, en ambos casos con preferencia sobre os novos ingresos.

Para ter dereito a reserva de praza o neno ou nena en cuestión debe seguir matriculado ate o último día de curso. De producirse unha baixa anticipada perderase o dereito a reserva da praza.

b. Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

7. Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.
8. Nenas e nenos que teñan necesidades educativas especiais que dean lugar a necesidade de ocupar dúas prazas.
9. Fillas/os de traballadoras/os das EIM de Teo que estean encadradas no convenio colectivo de centros de centros de asistencia e educación infantil, independentemente do seu empadramento no Concello de Teo.
10. Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.
11. As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.
12. As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento. Estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza. Neste caso, deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario.

Artigo 7º. Procedemento extraordinario

Seguirán este procedemento aqueles casos que non cumprindo os prazos formulados con carácter xeral requiran dunha resposta inmediata por parte das EIM, que deberá ser así apreciada pola comisión de baremación.

a) Ingresos urxentes:

Reservaranse para esta modalidade unha praza en cada un dos niveis en cada centro, independentemente do número de unidades que teña cada un dos niveis. Seguirán este procedemento aqueles casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos de diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice.

As/os beneficiarias/os destas prazas deberán na seguinte convocatoria realizar unha solicitude de novo ingreso seguindo o procedemento ordinario.

b) Solicitudes fóra de prazo:

Con carácter excepcional poderán presentarse solicitudes fóra dos prazos fixados no artigo 8 deste regulamento. Estas solicitudes serán examinadas pola comisión de baremación e, de non ser posible adxudicarlle a praza por non haber ningunha dispoñible, pasarán a formar parte da lista de espera no posto que lle corresponde segundo os criterios de priorización e a puntuación obtida. Esta nova lista de espera será proclamada pola Alcaldía.

c) No caso de que un neno ou nena con praza de mañá nunha escola infantil teña necesidade de ocupar unha praza de tarde, temporalmente ou definitivamente, de haber prazas vacantes seralle adxudicada mediante informe asinado por un técnico/a de servizos sociais e a presidencia da comisión de baremación. A esta daráselle conta deste cambio na seguinte reunión.

Artigo 8º. Lugar e prazo de solicitude da preinscrición

a. As solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso efectuaranse nos modelos normalizados que serán facilitados nas EIM así como no concello. A información

destes modelos será recollida nas Normas de Réxime Interno. A presentación realizarase no rexistro xeral do concello.

- b. Os prazos de presentación de solicitude serán os que seguen:
 - b.1. Reserva de praza: do 1 ao 15 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.
 - b.2. Novo ingreso: do día 16 ao 31 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.
- c. Xunto coa solicitude achegarase a documentación orixinal ou copia de:
 - c.1. Para a reserva de praza, non será preciso achegar documentación complementaria coa solicitude, excepto que se produzan cambios sociofamiliares que deban terse en conta.
 - c.2. A documentación necesaria para solicitar a praza de crianzas de novo ingreso, será regulada nas Normas de Réxime Interno, e incluíra documentos identificativos, (dni, libro de familia) documentos que xustifiquen as distintas situacións alegadas a nivel de emprego, saúde ou situacións persoais contempladas como valorables para o acceso, e documentación relativa a situación económica.

Artigo 9º. Emenda de documentación

Se a solicitude presentada non reunira tódolos requisitos determinados requirirase á/ao interesada/o para que emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo de 10 días naturais dende a notificación, con indicación de que se non o fixese, teráselle por desistida/o do seu pedimento.

Artigo 10º. Reunión da comisión de baremación e publicación da lista provisional de admitidas e admitidos

- a. A selección de solicitudes efectuarase en función da quenda á que corresponde o ingreso. A puntuación obtida da aplicación do baremo establecido no Anexo I e os criterios de priorización do artigo 6. Se logo disto persistise o empate entre varias solicitudes darase preferencia á renda per cápita máis baixa e no seu caso a aquelas que se refiran a xornada completa (continuada ou partida) sobre as de media xornada, e as que inclúan o servizo de comedor.

- b. A Comisión de Baremación avaliará todas as solicitudes e garantirá o cumprimento do procedemento de ingreso
- c. Esta comisión elevará a proposta vinculante de admitidas/os e excluídas/os á/ao alcaldesa/alcalde que resolverá e ordenará a publicación da listaxe provisional na que figure a puntuación obtida por cada unha das solicitudes.

Artigo 11º. Reclamacións

As/os solicitantes que o desexen poderán presentar as reclamacións, debidamente documentadas, que consideran oportunas no prazo de 10 días naturais contados a partir da data de publicación da relación provisional.

Artigo 12º. Relación definitiva de admitidas e admitidos, listaxe de espera e matriculación

- a. Unha vez estudadas tódalas reclamacións presentadas e resoltas pola comisión de baremación, elevarase á alcaldía unha proposta coas listas de admitidas/os e de espera, nas que figuraran as puntuacións obtidas. Unha vez aprobada a proposta pola/o alcaldesa/alcalde faranse públicas as listaxes definitivas.
- b. As/os solicitantes admitidas/os deberán matricularse entre o día 1 e 15 de xuño para confirmara praza, presentando no rexistro xeral do concello o impreso de matriculación, que se poderá recoller no concello ou nas EIM. Xunto con este impreso deberan presentar a declaración do IRPF dos proxenitores ou da unidade familiar do ano inmediatamente anterior, ou o xustificante de non ter obriga de presentala. No caso de non ter esta documentación no momento da matrícula deberán presentala no rexistro antes do segundo día laborable do mes de xullo. Tamén será necesario achegar a xustificación documental do correcto seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

A documentación complementaria orixinal ou copia, que se detalla nas Normas de Réxime Interno, entregarse no Escola Infantil nos primeiros días do curso e pasará a formar parte do expediente que das/dos nenas/os debe existir no centro.

A non presentación desta documentación no prazo sinalado, agás por causa de forza maior, entenderase como renuncia á praza, dando opción á matriculación daquelas persoas que quedaran na lista de espera.

- c. As baixas que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes da lista de agarda.
- d. As/os solicitantes da listaxe de espera que se inscribisen como candidatas/os ao Bono Concilia da Xunta de Galicia serán excluídas/os desta ao adxudicárselles as prazas participadas por este programa, no caso de ser aceptadas.

Artigo 12º. Bis. Acceso extraordinario

Para atender as solicitudes fóra de prazo realizaranse tres reunións extraordinarias da comisión de baremación: na segunda metade do mes de setembro, na primeira do mes de decembro e na segunda do mes de febreiro.

Como resultado destas comisións realizarase unha proposta de actualización das listaxes de adxudicación de prazas vacantes e agarda que será aprobada por resolución da alcaldía.

As persoas ás que se lle adxudique praza nestes procesos disporan dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución.

Este prazo para a incorporación efectiva ao centro tamén rexerá para as persoas que sexan chamadas da listaxe de agarda.

Artigo 13º. Baixas

Todos os nenos e as nenas deixan de ser alumnos e alumnas das EIM a día 31 de agosto de cada ano.

Estas baixas non necesitan nin acordo nin resolución expresa por ser unha causa implícita á propia concesión da praza.

Son causa de baixa nas EIM calquera das que se expoñen de seguido:

- a. Solicitude das/os nais/pais ou responsables legais, previo aviso con 15 días de antelación.
- b. Falta de pagamento da contía establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda.
- c. Comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados
- d. Incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro

- e. Falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada ou non incorporarse nos quince primeiros días naturais do curso
- f. Incumprimento reiterado das normas da EIM

As baixas polos motivos establecidos nas alíneas d) e f) faranse previa proposta da comisión de baremación, sendo esta mesma informada das que se produzan por outras causas na seguinte reunión desta comisión.

Artigo 14º. Organización interna.

A organización interna das EIM de Teo, estará regulada nas normas de réxime interno. En xeral, as escolas infantís estarán abertas entre as 7.30 horas e as 20.30 horas de luns a venres, salvo os días festivos e non laborais, e durante os 12 meses do ano. En función da demanda de tramos horarios vespertinos, as escolas poderán adiantar o seu peche pola tarde. Este cambio de horario debera ser comunicado antes do inicio do período de matrícula e reserva de praza.

Poderán pechase escolas, con preferencia no mes de agosto, por reparacións e para obras de mellora.

No caso de inexistencia de matrícula para un tramo horario en algunha das escolas, poderase acordar a redución do horario de atención para adaptalo á demanda real do centro. Este cambio será comunicado ao Consello Escolar, e manterase mentres se manteñan as circunstancias que o provocaron.

CAPÍTULO III. FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIM contan con tres fontes de financiamento:

- a. Fondos propios do concello ou achegas directas do concello.
- b. Achegas procedentes de subvencións e/ou convenios co departamento da Xunta de Galicia competente nesta materia ou outras administracións supramunicipais.
- c. Prezos Públicos: Os prezos públicos que se terán que pagar serán as establecidos na vixente ordenanza reguladora do prezo públicos pola utilización do servizo de escolas infantís municipais de Teo.

CAPÍTULO IV. RELACIÓNS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS NAIS E PAIS OU RESPONSABLES LEGAIS

Artigo 16º. Participación de nais e pais ou das e dos responsables legais

- a. A relación coas/cos nais/pais ou responsables legais, que deberá ser fomentada pola dirección da EIM, ten como principais obxectivos:
 - a.1. O intercambio de información sobre os criterios educativos asumidos no Proxecto Educativo, organización das EIMs, e da normativa e regulamentación que rexe na prestación deste servizo.
 - a.2. A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento das/os nenas/os.
 - a.3. Compartir pareceres sobre incidentes, ilusións, actividades, etc.
- b. En caso de que o soliciten a dirección poñerá en coñecemento das/dos proxenitoras/es ou responsables legais de cada nena/o a información sobre a súa evolución integral.
- c. As/os nais/pais ou responsables legais poderán solicitar reunións coa/co titora/titor da/do súa/seu filla/o ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulten a boa marcha da EIM. A dirección do centro informará por escrito dos horarios de atención ao principio do curso.

Artigo 17º. Reunións

Co fin de garantir a necesaria cooperación entre o centro e as familias realizaranse reunións xerais, de escola e de aula, segundo a natureza dos temas que se vaian tratar. Estas serán convocadas por escrito, con indicación do lugar, data, hora e temas a tratar. A súa periodicidade será a seguinte:

- a. Unha reunión de Escola, coincidindo co inicio do curso.
- b. Calquera outra de Escola ou Xeral que se considerase necesaria, podendo solicitala as ANPA, un grupo importante de pais e nais, a dirección ou o persoal da Escola, ou o concello de Teo.
- c. Reunións de aula, unha anual e as que se consideren necesarias polo equipo docente ou polos pais e nais.

Artigo 18º. O libro de reclamacións

Cada unha das EIM terá un libro de reclamacións a disposición das/os usuarias/os. A dirección do centro poñerá en coñecemento da/o concelleira/o responsable desta materia o contido das reclamacións de xeito periódico, agás nos casos nos que se requira unha comunicación inmediata.

CAPÍTULO V. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Artigo 19º. Persoal das escolas infantís municipais

- a. As EIM de Teo contan con persoal de apoio administrativo e técnico dos servizos sociais municipais.
- b. Coordinación. A figura da coordinadora ou coordinador, organiza a coordinación entre os tres centros, e entre estes e os servizos sociais municipais. Organiza ao persoal de atención e emite informes e propostas para a correcta xestión de todo o servizo de EIM de Teo.
- c. Persoal dos centros**
 4. Dirección de centro
 5. Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo.
 6. Persoal de servizos.

En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, na lei Orgánica de educación 2/2006 do 3 de maio, ou e en calquera outra norma, cláusulas ou protocolo que sexa superior, ou que no futuro regule estes temas.

Artigo 20º. Órganos colexiados das escolas infantís municipais

Existirán catro órganos colexiados con funcións e composición diferenciadas, únicos para o conxunto das tres EIM.

- a) Comisión de Baremación

Competencias:

1. Velar polo cumprimento do proceso de ingreso e de admisión.
2. Examinar e adxudicar a puntuación ás solicitudes de praza.
3. Propor á/ao alcaldesa/alcalde as listas de persoas admitidas, espera e excluídas en cada EIM.
4. Apreciar a existencia de circunstancias que xustifiquen a admisión de solicitudes de ingreso fóra de prazo.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o titular da área da que dependan as EIM ou concelleira/o en quen delegue

2. Vogais:

A/o directora/director pedagóxica/o de cada unha das EIM.

Unha/un representante elixida/o polas/os nais/pais en cada EIM

Unha/un representante da corporación municipal.

Unha/un traballadora/traballador municipal da área da que dependan as EIMs.

Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAs legalmente recoñecidas

Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións serán convocadas pola presidencia e terán carácter trimestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

b) Comisión Educativa de centro

Competencias:

1. Colaborar na elaboración do proxecto educativo das escolas e a programación anual de actividades
2. Facer o seguimento da programación e do proceso educativo xeral e individual

3. Elaborar a programación curricular e supervisar a súa adaptación ao proxecto educativo de centro.

Composición:

Persoal educativo e de apoio de cada centro.

Funcionamento:

Este órgano reunirse obrigatoriamente ao comezo e o final do curso convocadas pola presidencia, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario.

c) Comisión educativa Permanente:

Competencias:

1. Elaborar o proxecto educativo do centro e a programación anual de actividades, e coordinar os traballos das tres escolas para este documento.
2. Facer o seguimento da programación do conxunto das escolas e do proceso educativo xeral, apoiar os procesos individuais especialmente complexos.
3. Abordar a programación de actividades intercentros e coordinación educativa entre os eles.

Composición:

1. Presidencia:

Un/unha directora/director dunha das Escolas. A Presidencia desta comisión será nomeada polo Concelleiro/a da área para cada ano, debendo de ser rotatorio entre todas as persoas que ocupen este posto de traballo.

2. Vogais:

- As outros/as Directores/as.

- Unha/un técnica municipal, nomeada polo concelleiro/a da área

Funcionamento:

Este órgano terá un funcionamento constante, e as reunións serán convocadas pola presidenta a iniciativa de calquera dos seus membros.

d) Consello Escolar das EIMs

Competencias:

Este órgano asumirá a coordinación xeral das EIMs, marcará as directrices e adoptará os acordos que proceden en cumprimento das súas competencia que serán as que seguen:

1. Aprobar o proxecto educativo das EIMs e a memoria anual de actividades.
2. Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para mellorar as instalacións, dotacións e o funcionamento do centro.
3. Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecidos pola administración competente.
4. Estudar e resolver os conflitos de réxime interno.
5. Aprobar o as Normas de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais de Teo.
6. Garantir a aplicación do presente regulamento.
7. Ser escoitado, podendo emitir informe, sobre a necesidade de cambios, ou a concreta proposta dos mesmos, neste regulamento.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o da área da que dependan as EIMs ou unha/un concelleira/o en quen delegue
2. Vogais:
 - As/os directoras/directores de cada unha das EIMs
 - Unha/un representante do persoal educativo de cada unha das escolas.
 - Unha/un representante do persoal de servizos de todas as EIMs.
 - Unha/un representante dos pais e nais de cada unha das EIMs.
 - Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAS da EIM
 - Unha/un concelleira/o en representación da corporación
3. Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións do consello, convocadas pola presidencia e terán carácter semestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

CAPÍTULO VI. A LINGUA

Artigo 22º. O emprego de linguas

A lingua vehicular das EIM de teo é o galego. En concordancia co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, coa finalidade de promover o uso da lingua galega nas escolas infantís municipais establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua galega en cada centro educativo no marco do proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa. Na medida do posible introducirase unha terceira lingua.

CAPÍTULO VII. FOMENTO DA IGUALDADE E DIVERSIDADE ENTRE NENAS E NENOS

Artigo 23º. Educación na igualdade

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenza relativas a todos os ámbitos, as EIMs participarán activamente no establecemento dos alicerces sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas. Esta participación abranguerá os seguintes aspectos:

- a) Programación de actividades para promover a igualdade entre as/os nenas/os e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. Estas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.
- b) As EIMs poñerán especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumento de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.
- c) Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.

Neste senso os centros colaborarán nos programas e actividades que o concello desenvolvan para promocionar a igualdade e o respecto á diversidade cultural.

Artigo 24. Diversidade

Teranse en conta a diversidade de familias, de crenzas e de circunstancias persoais que existen na nosa sociedade, procurando realizar actividades inclusivas e potenciadoras do carácter positivo da diferenza.

CAPÍTULO VIII. DEREITOS E DEBERES

Artigo 24: Dereitos e Deberes das persoas usuarias

Os dereitos e deberes das persoas usuarias son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

Artigo 25. Dereitos e Deberes do persoal do centro

Os dereitos e deberes do persoal do centro son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

CAPÍTULO IX. XESTIÓN DAS EIM

Artigo 26. Xestión mediante empresa privada

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.
2. Dará as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.

Artigo 27. Xestión municipal directa

1. No caso de xestión municipal directa, esta correspóndelle á concellería que teña adscrita a competencia das mesmas. A xestión implica o control orzamentario, compras, emisión de recibos mensuais polos servizos prestados e a xestión de persoal, e todas aquelas funcións necesarias para o seu normal funcionamento.

2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.

3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.

Disposicións

Disposición adicional

Primeira.- Os modelos de solicitudes para a preinscrición e para a matrícula serán aprobadas como anexos da Normas de Réxime Interno, polo Consello Escolar das EIM, e o seu contido será congruente coa regulación xurídica destes recursos.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Correspóndelle á/ao concelleira/o responsable da área da que dependan as EIM, dirixira coordinación do concello coas EIM, podendo esta/e nomear á/ao técnica/o municipal que estime competente para desenvolver as actuacións precisas que a fagan efectiva.

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor una vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

Disposicións derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións municipais que contradigan o previsto no presente regulamento, e de xeito específico quedan derogados na súa totalidade o Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo publicado no BOP nº 252 de 31/10/2008).

ANEXO I- BAREMO

a. Situación sociofamiliar:

Por cada membro da unidade familiar menor de 18 anos, incluído a/o solicitante	2 puntos
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, están a cargo dela (1)	1 punto
No caso de que a/o nena/o nacesse dun parto múltiple	1 punto
Por cada membro da unidade familiar, incluída/o a/o solicitante, con discapacidade recoñecida, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
Pola condición de familia monoparental (2)	3 puntos
Por ausencia do fogar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Calquera outra circunstancia familiar grave debidamente acreditada	Ata 3 puntos

3. Persoas tuteladas ou con unha dependencia económica total da unidade familiar que non se correspondan coas consideradas como membros desta (pais/nais /responsables legais e fillos/fillas)
4. Segundo o recollido no artigo 13 da Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

b. Situación laboral familiar

Ocupación laboral 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Ocupación laboral 2º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos
Desemprego 1º proxenitora/proxenitor ou responsable legal	2 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

c. Situación económica segundo a renda per cápita mensual

RPC respecto o IPREM*	Puntuación
Inferior ao 25%	+ 4
Entre o 25% e o 50%	+ 3

Superior ao 50% e inferior ao 75%	+ 2
Entre o 75% e o 100%	+ 1
Superior ao 100% e inferior ao 125%	- 1
Entre o 125% e o 150%	- 2
Superior ao 150% e inferior ao 200%	- 3
Igual ou superior ao 200%	- 4

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de marzo de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 25 de marzo de 2021.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO

Vista a acta de inicio do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO asinada o día 2 de agosto de 2010 por D. Antonio Álvarez Domínguez en representación da entidade UTE GESECO-CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria segundo contrato asinado o día 22/07/2010.

Visto que o contrato ten unha duración de 10 anos a partir do día da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo que tivo lugar o 2 de agosto de 2010, e que, de acordo ca cláusula 4 do PCAP, pode ser prorrogado por períodos anuais sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 12 anos, e sen que a prórroga se poida producir por consentimento tácito das partes, indicando que a prórroga deberase solicitar polo concesionario cunha antelación mínima de seis meses antes da finalización do contrato ou da súa prórroga, e acordarase polo órgano de contratación.

Visto que o Pleno municipal na sesión celebrada o 3 de xuño de 2020 aprobou, trala solicitude de prórroga realizada o 08/01/2020 pola UTE GESECO-CESPA, a prórroga do contrato polo período dun ano comprendido entre o 2 de agosto de 2020 e o 1 de agosto de 2021.

Visto que con data 21/01/2021, nº de rexistro de entrada 154, D. José Carlos Díaz Ramil en representación da UTE GESECO-CESPA presenta solicitude de prórroga polo período dun ano.

Visto o certificado de Intervención de data 12 de marzo de 2021, sobre existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2021 1623/227.99 para o cumprimento das obrigas que se derivan para o ano 2021.

Tendo en conta que a competencia para acordar a prórroga corresponde ao Pleno como órgano de contratación.

Considerando o disposto no RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2021 ata o 1 de agosto de 2022, do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO-CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de dez anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prórroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.”.

O sr. alcalde explica que xa se anunciara na prórroga anterior que a intención era facer un proceso para a modificación, decidir se se sacaba o contrato, como se sacaba, se o punto limpo ía por outro lado ou se incorporaba a este contrato, se se recollía orgánico ou non e como se ía a facer, etc, porén, aínda que nun primeiro momento se iniciaron algúns contactos, a realidade do COVID fixo inviable que ese compromiso se levara adiante. Sinala que a finais do mes de abril haberá a primeira reunión porque hai que valorar todo, xa que se vaia a vía dun concesionario ou a unha xestión directa ten que estar todo decidido como moito en febreiro, porque se trata dun contrato harmonizado, para poder poñelo en práctica cando remate a prórroga, que vai ata o 1 de agosto de 2022.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, pregunta se se contempla a posibilidade de municipalizar o servizo.

O sr. alcalde resposta que está sobre a mesa e non se desbota.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, so fai uso dela o portavoz do BNG, sr. Barreiro, quen sinala que a veciñanza se queixa de que hai camións de recollida que verten algún líquido, o que é un problema, sobre todo en momentos nos que comeza a facer calor. Pide o sr. Barreiro que se contemple iso e que se xestione mellor.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2021 ata o 1 de agosto de 2022, do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO-

CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de dez anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prorroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS PÚBLICOS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de marzo de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 25 de marzo de 2021.

“PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS PÚBLICOS”

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir taxas, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Vista que a modificación proposta consiste na supresión da tarifa de compulsas de documentos da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos públicos.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de expedición de documentos públicos suprimindo da mesma a tarifa consistente en:

1	1.Compulsa de documentos	0,30 €/folla
---	--------------------------	--------------

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.”.

O sr. alcalde explica que esta proposta parte da Tesourería municipal pola problemática de recollida de cartos no departamento de Administración Xeral, cando ademais se trata de poucos cartos, porque se fose relevante para o Concello non se faría, ademais segundo a normativa todas as transaccións deben facerse por vía electrónica o por vía bancaria. Preguntado polo sr. alcalde, os grupo municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de expedición de documentos públicos suprimindo da mesma a tarifa consistente en:

1	1.Compulsa de documentos	0,30 €/folla
---	--------------------------	--------------

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor

ao día seguinte da súa publicación.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía de 18 de marzo de 2021, que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 25 de marzo de 2021.

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPTE: REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

ACORDO DE PRÓRROGA.

Vista a solicitude por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO a consecuencia da declaración do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (rex. entrada 275 do 23 de marzo de 2020).

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía 322/2020 do 8 de abril apreciando a imposibilidade de execución temporal do contrato, ratificada no pleno ordinario do 3 de xuño de 2020.

Considerando que AQUAFIT GESTIÓN S.L. presenta unha primeira solicitude de restablecemento de equilibrio económico do contrato, período do 14 de marzo ao 21 de xuño (rex entrada 964 do 09 de xullo de 2020), por importe de 80.136,76 €, e que posteriormente presenta unha segunda solicitude de restablecemento de equilibrio económico do contrato, aportando informe correspondente ao período do 1 de xuño ao

21 de xuño (rex entrada 1603 e 1604 do 02 de outubro de 2020), por importe de 25.828,59, reclamando polos dous períodos un total de 106.275,74 €.

Vistos os informes da secretaria adxunta de data 27 de novembro de 2020 e de intervención municipal de data 11 de decembro que conclúe nunha valoración do reequilibrio en 50.344,75 €.

Considerando a aplicación do artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto lei17/2020 de 5 de maio, que regula o seguinte “4. *En los contratos públicos de concesión de obras y de concesión de servicios vigentes a la entrada en vigor de este real decreto-ley, celebrados por las entidades pertenecientes al Sector Público en el sentido definido en el artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo darán derecho al concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato mediante, según proceda en cada caso, la ampliación de su duración inicial hasta un máximo de un 15 por 100 o mediante la modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato.*

Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.

La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo y únicamente respecto de la parte del contrato afectada por dicha imposibilidad.” A Disposición Final 10 do Real Decreto Lei 8/2020 recolle “Con carácter general, las medidas previstas en el presente real decreto-ley mantendrán su vigencia hasta un mes

después del fin de la vigencia de la declaración del estado de alarma.”

Tendo en conta que por acordo plenario de data 30/12/2020 concédese prazo para presentar alegacións, e que son presentadas por AQUAFIT GESTIÓN S.L. con datas 18/01/2021 (rex entrada 108 do 18 de xaneiro de 2021) e 23/02/2021 (rex entrada 522 do 23 de febreiro de 2021).

Visto que no segundo dos escritos solicita:

*“1º.- **Se tenga por desistida a esta parte** en su reclamación de reconocer y declarar el derecho del concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato para el periodo comprendido entre el 14 marzo de 2020 y el 21 de junio de 2020 en los términos establecidos en el art. 34.4 del Real Decreto-ley 8/2020 a través de la Modificación de las cláusulas de contenido económico del contrato en todo lo que resulte necesario, de forma que se contemple como retribución del concesionario en el ejercicio 2020, a mayores de las ya previstas en el contrato, la entrega por parte del Ayuntamiento al concesionario de una retribución económica directa o subvención para reequilibrar el contrato por importe de **106.275,74 euros**.*

*2º.- **Y se acuerde reconocer y declarar** el derecho del concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato para el periodo comprendido entre el 14 marzo de 2020 y el 21 de junio de 2020 en los términos establecidos en el art. 34.4 del Real Decreto-ley 8/2020 a través de la siguiente medida: el aumento del plazo de duración inicial del contrato en un 15%, es decir, en **14 meses a computar desde la fecha en que finaliza el contrato.**”*

Á vista do informe da secretaria adxunta de data 18 de marzo de 2021 e do certificado de existencia de crédito e informe de intervención da mesma data.

En virtude do exposto, e considerando a competencia plenaria como órgano de contratación de conformidade co artigo 210 e coa disposición adicional segunda do TRLCSP, propono que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar as alegacións presentadas en data 23/02/2021 (rex entrada 522 do

23 de febreiro de 2021), no expediente para o restablecemento do reequilibrio económico do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO, a consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19.

SEGUNDO.- Acordar o reequilibrio e, polo tanto, aprobar a modificación do contrato de xestión de servizos de PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO na forma de prórroga do contrato polo período de 14 meses dende a finalización do mesmo, ata o 18 de xuño de 2022, de acordo co artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto lei17/2020 de 5 de maio, debendo proceder á súa formalización de acordo co artigo 156 do TRLCSP.”.

Explica o sr. Iglesias que considera que é unha boa solución porque decae a pretensión económica da empresa, que era unha cantidade económica importante, e permite situarse ao Concello nun escenario de dentro dun pouco máis dun ano onde a contratación da xestión da piscina se poderá facer un pouco máis segura, esperando estar nun escenario que permita deixar atrás todas as restricións do COVID 19.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que o seu grupo está de acordo porque hai que evitar baixo calquera circunstancia o peche da piscina municipal, polo que considera que se trata dunha boa solución.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar as alegacións presentadas en data 23/02/2021 (rex entrada 522 do 23 de febreiro de 2021), no expediente para o restablecemento do reequilibrio económico do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO, a consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19.

SEGUNDO.- Acordar o reequilibrio e, polo tanto, aprobar a modificación do contrato de xestión de servizos de PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO na forma de prórroga do contrato polo período de 14 meses dende a finalización do mesmo, ata o 18 de xuño de 2022, de acordo co artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto lei17/2020 de 5 de maio, debendo proceder á súa formalización de acordo co artigo 156 do TRLCSP.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUAFIT GESTION S.L. CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 30/12/2020 POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de marzo de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 25 de marzo de 2021.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUAFIT GESTIÓN S.L. CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 30/12/2020 POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE

EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

Visto que con data 30 de decembro de 2020, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria, acorda desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO, nos seguintes termos:

“PRIMEIRO.- *Desestimar a solicitude de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato dende o 22 de xuño de 2020 (rex entrada 977 do 10 de xullo de 2020, reiterado por rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020), por non ser de aplicación o artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, segundo o exposto no expositivo.*

SEGUNDO.- *Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos oportunos.”*

Visto o recurso de reposición interposto por don Víctor Manuel Reyero Rodríguez, actuando en nome e representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L., con data 19 de xaneiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 202199900000116, contra o acordo do pleno da Corporación de data 30 de decembro de 2020, pola que se resolve desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

Considerando, en canto ao prazo, que o referido recurso foi interposto dentro do fixado legalmente polo artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que no escrito de recurso de reposición se solicita:

“ que habiando por presentado este escrito, tenga por interpuesto RECURSO DE REPOSICIÓN contra la resolución del Pleno de la Corporación Municipal de fecha 30.12.2020 por la que se desestima la solicitud de reconocimiento expreso de la imposibilidad PARCIAL de ejecución del contrato desde la reapertura de las instalaciones en fecha 22.06.2020 como consecuencia de la situación descrita en el párrafo primero

del artículo 34.4 del Real Decreto-ley 8/2020, y estimándolo, anule o, en su caso, declare la nulidad de dicha resolución impugnada por no ser conforme a Derecho, dictando en su lugar otra por la que se acuerde lo siguiente:

1.- CON CARÁCTER PRINCIPAL: Se reconozca expresamente la imposibilidad PARCIAL de ejecutar el contrato desde la reapertura de las instalaciones en fecha 22.06.2020 como consecuencia de la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo, a los efectos previstos en el art. 34. 4 del Real Decreto-ley 8/2020 de 17 de marzo y que dichos efectos se extiendan a la duración de la "situación de hecho" creada por el COVID-19

2.- Y ÚNICAMENTE CON CARÁCTER SUBSIDIARIO A LA PETICIÓN ANTERIOR: Se reconozca expresamente la imposibilidad PARCIAL de ejecutar el contrato desde la reapertura de las instalaciones en fecha 22 de junio de 2020 hasta el día 22 de julio de 2020 como consecuencia de la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo, a los efectos previstos en el art. 34. 4 del Real Decreto-ley 8/2020 de 17 de marzo."

Con data 18 de marzo de 2020 emítase informe por parte da secretaria adxunta, que se incorpora como motivación do acordo (art.88.6 da LPACAP), no cal se indica:

"...a finalidade do RD Lei 8/2020 foi compensar polo peche das instalacións decretadas polo RD 463/2020, e finalizado o estado de alarma e reanudada a actividade as vías do reequilibrio xa non serían as previstas no artigo 34.4 do RD 8/2020, senón as específicas da lexislación de contratos, como xa se indicou no informe emitido ao respecto en data 27 de novembro i "...debe terse en conta que o artigo 34.4 do RDL 8/2020 ten un carácter temporal, circunscrito á declaración do estado de alarma e así o dispón a Disposición Final 10 do Real Decreto Lei 8/2020 "Con carácter general, las medidas previstas en el presente real decreto-ley mantendrán su vigencia hasta un mes después del fin de la vigencia de la declaración del estado de alarma." Entende a que subscribe que una vez finalizado o estado de alarma xa non habería que facer declaración de imposibilidade de execución ao non ser aplicable o artigo 34.4 do RDL 8/2020, senón que sería aplicable a lexislación de contratos."

Á vista do expediente, do exposto neste informe sobre o alegado no recurso de reposición, entende quen subscribe que procede desestimar o recurso interposto, segundo se desprende do expediente.”

Tendo en conta, á vista do exposto, que o recurso non se fundamenta en ningunha causa de nulidade ou anulabilidade do artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, e que non se aprecian no expediente.

Á vista do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, e considerando a competencia plenaria como órgano de contratación para a desestimación da solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de conformidade co artigo 210 e coa disposición adicional segunda do TRLCSP, proponho que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMERO.- Admitir a trámite o recurso de reposición interposto por don Víctor Manuel Reyero Rodríguez, actuando en nome e representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L., con data 19 de xaneiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 202199900000116, contra o acordo do pleno da Corporación de data 30 de decembro de 2020, pola que se resolve desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

SEGUNDO.- Desestimar, de acordo co informe da secretaria adxunta de data 18 de marzo de 2021, o recurso de reposición interposto don Víctor Manuel Reyero Rodríguez, actuando en nome e representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L., con data 19 de xaneiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 202199900000116, contra o acordo do pleno da Corporación de data 30 de decembro de 2020, polo que se resolve desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, xunto co texto íntegro do informe que lle serve de fundamento, con sinalamento dos recursos oportunos.”

Aberta a primeira quenda de intervencións, os grupo municipais non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

PRIMERO.- Admitir a trámite o recurso de reposición interposto por don Víctor Manuel Reyero Rodríguez, actuando en nome e representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L., con data 19 de xaneiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 202199900000116, contra o acordo do pleno da Corporación de data 30 de decembro de 2020, pola que se resolve desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

SEGUNDO.- Desestimar, de acordo co informe da secretaria adxunta de data 18 de marzo de 2021, o recurso de reposición interposto don Víctor Manuel Reyero Rodríguez, actuando en nome e representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L., con data 19 de xaneiro de 2021 e núm. de rexistro de entrada 202199900000116, contra o acordo do pleno da Corporación de data 30 de decembro de 2020, polo que se resolve desestimar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, xunto co texto íntegro do informe que lle serve de fundamento, con sinalamento dos recursos oportunos.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INCREMENTO DOS ABUSOS BANCARIOS CONTRA AS PERSOAS CONSUMIDORAS E O DETERIORO DOS SERVIZOS FINANCEIROS EN GALIZA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 18 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 1.136), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión

Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 25 de marzo de 2021.

“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN sobre incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precarización do emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos moitas veces dubidosos ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de galegitude do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017. A perda de músculo financeiro de Galiza foi un grave problema para o noso país, con consecuencias lesivas no tecido económico e produtivo.

Dende o BNG seguimos defendendo que a alternativa a esta situación pasa necesariamente por medidas estruturais para regular o sector financeiro para limitar a especulación e subordinar a actividade financeira ás necesidades socioeconómicas do noso país. Para iso, apostamos polo impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as

medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

As entidades aproveitan a alta concentración do espazo de entidades financeiras para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Coa irrupción da pandemia da COVID19 a cobiza das entidades vai a máis e empregan o coronavirus como coartada para seguir adiante cunha folla de ruta de oligopolización orquestrada tamén a nivel europeo e internacional.

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Abanca incrementaba de forma substancial as súas comisións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos, como é o do Banco Santander, é xa imposible pasar diante dunha sucursal sen ver enormes colas que non se explican pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrígalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

Esta grave situación fai necesaria unha ampla resposta social e política ante a inacción do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, ou do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.
2. Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.
3. Expresar o apoio desta Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que o seu grupo pensa que o Concello non é o estamento público máis axeitado para este tipo de mocións, de feito no Parlamento de Galicia, en comisión, recentemente estivo a xerente do Instituto Galego de Consumo, e tamén existe o Ministerio de consumo, e aínda que non saben moi ben o que fai, está aí,

Sinala que aínda que persoalmente hai algunha cousas da moción que comparte, quere respostar á moción. Explica a sra. Calvo que o Instituto Galego de Consumo está a desenvolver todas as súas competencias en materia de protección e defensa dos dereitos das persoas consumidoras, tamén dos usuarios da banca. En 2020 as reclamacións asesoradas polo Instituto Galego de Consumo con relación aos servizos financeiros creceron en máis dun 30% ata chegar ás 957, porén realmente, deixando de lado a vía xudicial, o Banco de España é o único competente para atender e resolver estas reclamacións porque é o órgano encargado da supervisión das entidades bancarias. Polo tanto a labor do Instituto ten que limitarse ao asesoramento, a formación é ao acompañamento para presentar as reclamacións segundo o procedemento establecido, cousa que fai sobradamente. O Instituto Galego de Consumo ten amosado unha vez máis a súa sensibilidade respecto das demandas das persoas consumidoras galegas, polo que se a entidade financeira no cumpre cunha resolución favorable do Banco de España, lle recomendan que acudan ao Instituto, porque a través dun procedemento novidoso, que recolle a lei galega de consumo, poden requirirlle que satisfagan as pretensións dos consumidores e, no caso de non facelo, proceder á apertura dun expediente sancionador.

Explica a sra. Calvo que, no marco dos plans anuais de inspección do Instituto Galego, en 2020 desenvolveuse unha campaña relacionada coas ofertas de web de créditos de consumo rápido e nestes momentos estase facendo outra para que o sector financeiro e de seguros cumpran coa súa obriga de dispor dun teléfono gratuito, para as persoas que non dispoñan de internet, e un correo electrónico para atención ao cliente.

Salienta a sra. Calvo que polo tanto o Instituto Galego de Consumo traballa e vela en todo momento polos dereitos das persoas consumidoras en Galicia, empregando todas as ferramentas postas a súa disposición, incluso cando non está dentro das súas competencias, como é o caso dos usuarios bancarios no que o órgano regulador, supervisor é sancionador é o Banco de España.

Salienta a sra. Calvo que para o goberno galego é moi importante o mantemento do emprego e da actividade económica en todos os sectores, entre eles o bancario. Anuncia que o voto vai a ser a abstención, porque aínda que nunha parte están totalmente de

acordo, porén non é exactamente a moción así, e tampouco dende o Concello de Teo se vai a poder facer moita presión, porque hai outros estamentos públicos para elo.

O sr. alcalde sinala que, tratándose do que afecta ou non aos veciños do Concello de Teo, si que lles afecta moi directamente e nese senso está ben que se pronuncie o Pleno da Corporación. Se dunha parte, nun momento determinado, con fondos públicos, se rescataron as entidades bancarias, dunha forma tan brutal, sen que despois eses cartos se reintegrasen ao erario público, e agora se o que se fai é obrigar a todo o mundo a ter contas bancarias en entidades privadas, porque non lle queda outra incluso para cobrar unha nómina, e ao mesmo tempo se lle permita á banca subir as comisións pola xestión desas contas, dunha forma desorbitada, estamos diante do segundo rescate bancario, so que en vez de facerse a través dunha aportación do goberno, se fai a través dunha aportación de todos os cidadáns, coas comisións.

Sinala o sr. alcalde que polo que se refire á concentración é evidente, e non hai que ver máis que comprobar o que pasou en Teo, que é un Concello que se mantén en número de habitantes, ou medra lixeiramente, e nos últimos dez anos desapareceron varias oficinas bancarias, pois branco e en botella. Anuncia o sr. alcalde o voto a favor do seu grupo.

O sr. Barreiro di que non sabe se é o estamento, porén cree que si porque calquera estamento público é un estamento válido para reclamar dereitos para a cidadanía, máis se, como dixo o sr. alcalde, despois do rescate que se fixo con cartos públicos da maioría das entidade financeiras, en concreto de ABANCA, que aínda fai dous días saía na prensa que cobra 120 euros por pechar a conta dunha persoa falecida, ou que fai dúas ou tres semanas quixo subir as comisións a 120 ou 130 euros. Explica que aínda que en Teo so se perderon dende 2008 dúas entidades bancarias, pasando de 8 a 6, en Ames pasaron de 17 a 10 e en Santiago de 113 a 54, polo que a merma de servizos e a merma de capacidade para moitos/as dos/as veciños e veciñas é moi importante. Sinala o sr. Barreiro que é certo que Teo non ten unha poboación esaxeradamente grande, porén é importante, porque a veces ter que coller o coche para ir a Santiago a facer unha xestión bancaria, non é de recibo cando son entidades rescatadas con cartos públicos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, ca concelleira do PP, sra. Calvo, sinala que non di que non sexa válido, senón que hai outro estamentos públicos máis axeitados e máis apropiados, como o Parlamento, o Senado, o goberno central, Ministerio, etc. Tratándose do rescate bancario, sinala a sra. Calvo que estea ben ou estea mal é o sistema financeiro que hai, porque senón caía todo, e se caía todo xa non estarían falando nin de bos nin de malos nin de regulares empregos, ou sexa, a nada, ademais doutras consecuencias que todos poden entender.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.

2.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3.- Expresar o apoio desta Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.

10.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de

novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Barreiro pregunta se, agora que a Xunta xa se comprometeu a asumir o comedor do CEIP dos Tilos, o Concello vai a cumprir aqueles compromisos que se deron, polo menos de palabra, de que asumiría temporalmente o comedor ata final deste curso.

A sra. Argibay comenta que dende que se sabe que a Consellería ía asumilo, estase en negociacións coa Anpa e co Centro, e de momento estase pendente de que dende a Anpa soliciten que o Concello asuma ese comedor. Explica que a Anpa está pendente dunha documentación que lle requiren na Xunta e, cando eles o estimen oportuno, dende o Concello cumprírase a parte á que se comprometeu. De momento estase, por dicilo así, en “*standby*”, pendentes de que o demanden.

O sr. Iglesias explica que o que se está a negociar é algo similar á conciliación. É dicir, non sería un servizo de comedor, senón o mesmo que se está facendo por exemplo esta semana en Diverteo pero que se faría cun número de entorno a 25 nenos, cuxas familias demostraran a necesidade dese mecanismo de conciliación. Sinala que o que si é certo, como ben di a sra. Argibay, é que se está falando coa Anpa e en canto digan que teñen resolto administrativamente o tema do comedor o Concello poñerá a traballar con esa alternativa que basicamente agora é un parche porque realmente o que queda é dous meses de curso.

2.- O sr. Barreiro refírese aos carrís de servizo da Travesía de Cacheiras, sinalando que todo o mundo sabe que se usan para adiantar, tanto entre a rotonda do Gadis e a dos Robles como sobre todo no tramo que vai por diante do Tanatorio, no que hai un cruce ademais bastante perigoso, á dereita. Di que xa que a Xunta parece que non quere poñer alí medidas disuasorias de velocidade, como resaltos ou outro tipo de medida física, quizais sería pertinente que a policía local fixera algún tipo de actuación de control

porque é un problema grave, xa houbo algún accidente e o raro é que non haxa máis.

O sr. alcalde di que lle parece unha boa solución.

3.- O sr. Barreiro refírese ao muíño da Florida e sinala que os veciños da zona queíxanse de que está sen limpar, e pasa por alí o camiño dos arrieiros.

A sra. López pregunta se se está referindo ao muíño ou ao lavadoiro.

O sr. Barreiro di que a el faláronlle do muíño.

O sr. alcalde explica que o lavadoiro si que é unha propiedade municipal e que, tratándose do muíño, os veciños terán que poñerse en contacto co Concello para determinar o tema da propiedade, se eran parceiros, ou polo menos se existe esa conformidade dos antigos propietarios para proceder á limpeza.

O sr. Iglesias sinala que ademais está caído e que, tratándose da fonte non cree que sexa porque hai un mes estaba limpa.

4.- O sr. Barreiro sinala que, tratándose do parque infantil que está en fronte, ao carón da policía, tamén lle chegaron queixas esta semana, pensa que tamén alguén mencionou ao Concello no twitter, que o areeiro está roto, o tobogán ten a chapa desencaixada e retén auga, fórmanse charcos e as randeiras están un pouco baixas, aínda que iso supón que xa será a gusto de consumidor.

5.- Sinala o sr. Barreiro que outro dos temas estrela son as fochancas, di que ten unha lista bastante interesante. Refírese á pista de Fornelos a Buela, en Rarís, na que ademais hai un poste da luz dos de formigón caído e apoiado nun terraplén, e aínda que de momento non cae, é perigoso.

A sra. Lemus sinala que lle chama a atención porque se acaba de facer a revisión completa.

O sr. Barreiro resposta que pensa que ten unha foto e que xa lla mandará por whatsapp.

Refírese o sr. Barreiro á pista de Fornelos ao Camposanto de Rarís e sinala que tamén está bastante mal o firme e a veciñanza queixouse, polo menos a el dixéronlle que pasan

por alí moitos camións de madeiros que esnaquizan a pista, que están facendo un desastre importante alí, e que se se pode controlar e arranxar a pista.

Sinala que a pista da Rúa do Atallo, detrás do tanatorio de Cacheiras, tamén hai unha fochanca importante xusto ao lado da tapa do sumidoiro, co cal se fai máis perigosa a cousa.

Sinala que en Solláns, xusto diante do resalto que está diante da casa de Tucho Pintos, tamén hai unha fochanca.

O sr. Elías sinala que xa está arranxada.

O sr. Barreiro sinala que na Pedra, por detrás da ITV, hai unha pista que vai a dar detrás do centro de saúde de Cacheiras, que tamén leva bastante tempo en mal estado e que ademais hai por alí un espello roto nun cruce que tamén leva bastante tempo roto. Salienta o sr. Barreiro que esa si que está bastante esnaquizada.

O sr. Barreiro sinala que a pista de Augas Mansas xa sabe que está para arranxar, pero mentres non se fai hai dúas ou tres fochancas moi importantes, bastante fondas e cunhas pedras bastantes grandes, que, polo menos, se poderían rebachear temporalmente.

Preguntado polo sr. alcalde a que pista se refire, o sr. Barreiro di que é a que vai por diante do parque, ao pasar a nave de formigón que hai á esquerda, un pouco máis adiante, a 100 metros ou así, onde se estreita a primeira vez, por aí hai como tres fochancas seguidas enormes e moi fondas.

6.- O sr. Barreiro refírese á casa vella do mestre de Rarís e sinala que está caendo o tellado, que xa se arranxara nun dos gobernos do BNG, porén agora non é so que está caendo, senón que xa caeu unha parte e parte do primeiro piso, que tamén é de madeira, que como lle chove dentro está podrecendo e está caendo. O problema principal é que está aberta entón en calquera momento pódense meter alí rapaces ou non tan rapaces e ter un accidente. Pensa o sr. Barreiro que é municipal polo que considera que sería ben pechala ou buscar unha solución.

7.- Sinala o sr. Barreiro que no parque de Augas Mansas hai un taboleiro dunha das canastras de baloncesto que está roto e leva así bastante tempo, engadindo que non

sabe se é de madeira ou de cartón aglomerado, pero está desfeito.

8.- Di o sr. Barreiro que o paso de peóns da pista da Deputación que sae de Cacheiras, de alí da rotonda onde está a casa de Armando, xa sabe que se vai arranxar porén non sabe se provisionalmente se podería facer un paso de peóns.

9.- A sra. Diéguez sinala que no Piro asfaltaron un anaco xusto en fronte do bar do Piro.

A sra. Lemus sinala que foi a Deputación.

A sra. Diéguez sinala que deixaron moita grava, aínda que é certo que se puxo un cartel que pon “grava solta”.

Pregunta a sra. Diéguez quen asfaltou tamén coa mesma grava en Lampai, e se foi a Deputación. A sra. Diéguez continúa dicindo que aos ciclistas non lles parece moi boa idea e algúns puxéronse en contacto con eles para pedirles que dixeran no Pleno que se instara á Deputación a que se absteña, na medida do posible, de utilizar ese tipo de material polo perigo que supón para a circulación da xente que vai en bicicleta ou mesmo en moto.

10.- Refírese a sra. Diéguez ás fochancas. Explica que non sabe exactamente se é Espasande ou Regoufe, xusto baixando do Santiso, onde se dobra e hai uns invernadoiros, alí xusto hai un par de fochancas.

11.- A sra. Diéguez refírese a unha pista en Cepeda da que sinala xa falou un día, e sinala que se trata dun tramo pequeno, engadindo que xa se lle botara algo hai uns meses a algún bache. Salienta que en todo caso non se trata dun bache senón dun tramo, que non é moi longo, que o que pasa é que do lado dereito, indo de Rivas para o Piro, os coches xa non pasan por alí, invaden o carril contrario, porque está a pedra toda levantada, e agora tamén se formou un bache onde está o paso máis estreito, que tamén hai unha elevación.

12.- A sra. Diéguez sinala que o outro día houbo un accidente na Florida, que non sabe se ten que ver, pero ela pasa todos os días e agora que está o tempo seco ve que sempre hai auga e esa pista sempre está mollada, aínda que ao mellor o accidente non tivo nada que ver, engadindo que non o sabe. Sinala que non sabe se é algunha cañería que está

perdendo, pero aínda que non provoque accidentes si é verdade que a auga constantemente fluíndo deteriorará a estrada, que é da Xunta. Di a sra. Diéguez que o comenta por se se pode revisar.

13.- Pregunta a sra. Diéguez polo camiño que se fixo dende a Igrexa por onde os muíños que van de Bustelo, que xa se falara nalgunha ocasión no Pleno, que había unha levada dun muíño que quedara cuberta e se puxo unha reixa. Pregunta a sra. Diéguez se Patrimonio dou o visto bo ou como se tomou esa decisión, porque ao seu grupo non lle parece acorde co contorno.

14.- Sinala a sra. Diéguez que no mesmo contorno, ao pasar a Igrexa, xusto un pouquiño antes da ponte que hai sobre o regato, hai un sinal que anuncia que hai un cruce perigoso, porque se puxera no seu momento porque había moitos accidentes, porén a sinal está demasiado baixa, de feito ela ía camiñando e, como é baixiña, pasou porén ían despistadas e a amiga bateu coa sinal. Explica que despois fixouse en todos os sinais e veu que todos están bastante máis elevados, engadindo que para a seguridade dos peóns non está ben colocado.

O sr. alcalde sinala que quería facer unha aclaración con respecto ó tema do camiño das muiñeiras, cara a Insua. Explica que cando se fixera a senda, ademais o BNG fora moi insistente no Pleno ao entender que se destrozara a levada do muíño, cansáronse de dicir que non se destrozara, que estaba chea de terra e que se lle botou terra por riba, e aínda así facíase fincapé en que o importante era vela, entón o que se fixo foi levantar a ver ata onde chegaba a levada, incluso se fixo un pouquiño máis para que se comprobase. Sinala que ademais, curiosamente, a levada só ten pedra dun lado, contra o río, non contra a parte interior, e púxose a reixa porque era un perigo para a xente que pasaba por alí. Salienta que non foi unha obra de execución que consideraran os técnicos para pedir permiso a Patrimonio porque o único que se fixo foi desenterrala e en vez de poñerlle unha chapa metálica poñela en trabes para que se vira que a levada estaba por baixo enteira.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que trae catro ou cinco cousas para ser breve porque se chega a traer todo o que hai que poñer habería que estar ata mañá pola mañá, porque as pistas están todas destrozadas. Sinala que el tamén quería comentar o estado da que vai de Fornelos a Camposanto, da que xa se falou outra vez, e da de A Pedra a Sebe.

Dirixíndose ao sr. Elías, o sr. Guerra dille que parece que vai sacar o parque de aí en fronte e lle pide que o leve para Bamonde, que aí se sacaron tres e non hai ningún, e tamén hai rapaces en Bamonde.

2.- Di o sr. Guerra que a pista que vai de Mouromorto á área recreativa tamén está destrozada, como xa dixo máis veces, e fan falla tres farolas dende a estrada xeral ao primeiro cruce que hai.

3.- Sinala o sr. Guerra que tamén estivo en San Domingo o outro día e dinlle que é moi necesario, que dende alí ao cruce de Folgueiras, onde os contedores, hai un perigo constante, non hai beiravía na estrada, que sabe que é da Deputación, pero habería que facer unha sendiña, que hai 1,20 metros na parte máis ancha e nas outras pode haber 80 cms. Salienta o sr. Guerra que é moi importante porque os rapaces van á escola por aí, e tamén van os de Guldrís, e é moi perigoso. Salienta o sr. Guerra que cando se fala de camiños seguros, este si que é un camiño inseguro.

4.- Refírese o sr. Guerra ás pistas de Tribaldes e pregunta cando se van facer, engadindo que todos os días lle paran, porque en Lamas asfaltaron a pista principal e esas deixáronas. Pídelle ao sr. alcalde que tome nota.

5.- O sr. Guerra di que os veciños de Santa Eufemia lle preguntan cando se soterran os cables, que quedaron os tubos postos para dito fin, tanto os de telefónica coma os de Fenosa.

A sra. Lemus di e que cando Fenosa teña a ben, xa que está preparada toda a instalación. Explica que se falou con Fenosa e sinala que non lle gustan unhas caixas que se deixaron, e pediuse que mandaran como hai que facer e cando sexa faise.

6.- O sr. Guerra di que cando vén o autobús de Seoane, no IES, e quere meterse para baixo, diante da antiga ferretería, hai unhas prazas que están invadindo e dificultando a mobilidade do autobús, porque ten que ir en fronte da ferretería para xirar para abaixo. Explica que o outro día comprobouno el mesmo, e sinala que hai que sacrificar tres ou catro prazas, que están postas no propio cruce.

7.- Neste intre, intervén a concelleira do BGN, D.^a Carmen Diéguez, quen pregunta como vai o tema da fibra óptica.

O sr. alcalde sinala que é mellor preguntar por sitios concretos, porque senón...

O señor Guerra sinala que un veciño de Chaves que cando vai por alí, porque parou no galpón do Concello e non sube para arriba.

A sra. Lemus explica que a fibra ten moitos tramos colocados na zona, despois da estrada da Xunta, pero eles teñen que facer a liña principal dende aquí ata Ferreiriño, que é a conexión principal, de onde vén a fibra e entón a partir dese momento van a conectar todas as zonas que quedan. Explica que agora mesmo van ir a Verxeles e logo seguían en Oza, e Chaves é xusto despois de que conecten iso, que teñen que acabar en maio. Sinala a sra. Lemus que telefónica ten pensado acabar entre maio e xuño con todo o que lle falta no Concello e R pediu prórroga ata decembro de 2021.

O sr. alcalde explica que algunhas xa remataban en 2021, co cal se supón que van rematar en 2022, e non levan en boa marcha para que se cumpran os prazos baixo ningún concepto.

8.- O sr. Guerra comenta que, aproveitando que están coas obras en Sestelo, que van quedar ben, hai que lembrar que é unha demanda histórica o ancheamento da ponte esa, engadindo que lembra que se comprara ou expropiara para ensanchala dous metros ou así. Pensa que non é unha obra tan cara e pregunta se hai que tratar con Augas de Galicia.

O sr.. alcalde di que aí non hai nada expropiado, non se trata de expropiar nada entre outras cousas porque non fai falta expropiar para facer a ponte, o único que hai que facer son os piares a 10 metros do borde do río, co cal hai que facer unha ponte de 25 metros de luz. Sinala que antes puxéronse dous exemplos e igual incluso o da ponte vai un

pouco por aí, porque puxeron un exemplo da pista que vai de Trasellas a Regoufe e outro a que vai de Mouromorto á área Recreativa. Pensa que se está facendo moito fincapé en mobilidade urbana e demais, vai a haber que empezar a insistir en que mentres nas cidades se suprime o tráfico e se pon o límite en trinta e haberá que empezar a pensar en mobilidade rural. Salienta que non se trata de deixar con baches as estradas, poren non sabe se ten moito sentido gastar cartos nunha pista que ten outras alternativas claras e esa pista permite facer paseos, que poidan andar os nenos sen estar pendentos dos coches, obviamente hai leiras que teñen servizos, pero poderían ser usos restrinxidos á propiedade.

9.- O señor Guerra di que agora que se falou de Trasellas, pregunta pola pista que vai ata o Santiso e sinala que tamén está en mal estado.

O alcalde di que esa si que é necesaria.

10.- A concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que no Xirimbao igual facía falta algunha papeleira máis. Non sabe exactamente onde están instaladas as que hai porque pensa que xa romperon. Explica que lle cadrou de ir esta fin de semana e o cartel informativo está tumbado e fan falta papeleiras porque logo xa a xente podía ter máis cabeza, pero non, partindo de que hai quen non a ten e non garda o lixo, igual si que facía falta algunha máis. Sinala que o do cartel chamoulle a atención porque está tumbado contra as vallas.

A sra. López sinala que ese cartel non é propiedade do Concello, engadindo que está avisada Augas de Galicia, e eles, a través da Xunta, van a dar parte a quen corresponda.

11.- A sra. Vázquez sinala que sinte ser pesada pero que ten que referirse de novo á estrada de Olveira pola que quere preguntar, porque lle preguntaron directamente se se tiña pensado tomar algunha medida, non só da que vai dende a xeral de Pontevea cara a Olveira senón da que sae por riba cara Xermeade e que da servizo tanto a Vilariño como a Teo como a Reis. Sinala que en xeral o viario de Olveira si que necesita un apaño todo pero tamén o que pasa xusto por diante da Residencia ten un bache enorme que quedou sen cubrir e que está abrindo máis, e nótase moito porque ademais solta destas pedras grandes. A sra. Vázquez di que lle preguntaron especificamente se se ía a tomar algunha medida ou se ía incluír ese arranxo da estrada nalgúns dos plans que poida haber de obras.

A sra. Vázquez di que ademais ese edificio está completo e entón hai moito máis movemento de coches, porén xa só os traballadores da residencia, a albeitaría, a xente que acude, e que ademais alí tamén hai unha carpintería alí agora, ó final é unha estrada que que ten traxecto

A sra. Vázquez di que máis arriba, xusto cando se desvía para a carpintería e a albeitaría, esa estrada que sube, xa unindo coa outra, e na parte de arriba que sae tamén á xeral que vén de Teo pásalle o mesmo, é dicir os tramos nos que van abrindo os baches son eses. Onde se rebachea é verdade que aguanta pero aínda quedan eses.

12.- A sra. Rosende, dirixíndose á sra. López, dille que os veciños da Torre lle pediron que falara con ela para ver se hai algunha posibilidade de solicitar parada para alí, porque as catro persoas coas que falou teñen mobilidade reducida, cústalles un montón subir ata Raxó e ir ata Castres é inviable para elas, e non hai ningunha parada alí.

A sra. López di que xa falou con elas porque antes había unha parada informal e agora o que hai que facer é o trámite para formalizar esa parada.

A sra. Rosende di que unha das persoas lle di que ten que pagar cinco euros de taxi para ir a mercar a froita.

A sra. López di que estiveron mirando o mapa e é moita distancia a que ten que andar unha persoa maior e se está valorando. Sinala que esas persoas faloron de dúas paradas e pensa que dúas vai a ser inviable pero unha, anterior á que teñen agora, quizais si que é posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz